

CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O CONCELLO DA PEROXA PARA O PROXECTO SENLLEIRO “AMPLIACIÓN DA MONTAXE EXPOSITIVA O LEBRE DE CASARIZAS, UNHA VIDA DE MÁQUINAS E INVENTOS”, ORIENTADO Á MELLORA DA ESTRUTURA E INFRAESTRUTURA DO TERRITORIO PARA FORTALECER O DESENVOLVEMENTO DO RURAL GALEGO.

En Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021.

REUNIDOS

Dunha parte, Inés Santé Riveira, en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora xeral, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 155/2020 (DOG núm. 190, do 18.09.2020) e actuando en virtude do seu cargo, conforme ao previsto no artigo 8 do Decreto 79/2011, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Agader, e no exercicio facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 05.08.2013).

Doutra, Manuel Seoane Rodríguez, na súa calidade de alcalde do Concello da Peroxa, en virtude da súa condición de alcalde do citado concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 24 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas as dúas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e a contorna para mellorar a calidade de vida da poboación rural, co fin de permitir unha adecuada oferta no ámbito do lecer, o deporte, a cultura, así como o acceso a unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia, o que require a dotación necesaria dotación das infraestruturas necesarias para cubrir esas necesidades.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, como o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o despoboamento deste territorio.

As súas funcións están previstas no Decreto 79/2001, de 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, posteriormente modificadas polo artigo 2 da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000, e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro Lei 15/2010,

do 28 de decembro, de medida, de medidas fiscais e administrativas. s fiscais e administrativas.

De conformidade co disposto nesta normativa, competen a Agader, entre outras funcións:

-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos al reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas área rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello da Peroxa para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; no que a este caso afecta, mediante a asunción de competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais. Como entidade máxima da representación do seu territorio desenvolve todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito competencial, favorezan o desenvolvemento da súa contorna.

Cuarto.- Neste marco, Agader vén facendo unha aposta decidida polos proxectos culturais, patrimoniais e etnográficos, que inciden na preservación dos valores sociais e potencian o sentimento de pertenza e de orgullo a unha comunidade rural, e actúan, ao mesmo tempo como polo de atracción de turistas e visitantes, de xeito que non só contribúen á dinamización económica e social dun determinado territorio, á fixación de poboación e ao reforzamento do tecido produtivo, senón que tamén reforzan o potencial do concello, entendido tanto como unidade territorial como entidade coordinadora do desenvolvemento dese territorio.

Quinto.- Os artigos 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regula a concesión directa de subvencións pola concorrencia de razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que xustifiquen a súa convocatoria pública e o seu carácter excepcional.

Neste caso, a singularidade do proxecto reside na propia singularidade da obra de Manuel Fernández Fernández, un veciño de As Casarizas, do concello da Peroxa, que se distinguiu polas súas múltiples facetas profesionais, entre outras, como recoñecido inventor de moitos obxectos para facilitar a vida cotián tamén para mellorar en distintos ámbitos profesionais. Coñecido como o “Da Vinci” da Peroxa, o concello trata agora de difundir e recuperar a súa

obra, mediante a organización dunha montaxe expositiva permanente, que percorrerá a obra deste inventor: desde un torno e unha cadeira de dentista, unha escopeta única no mundo ou unha malladora para facilitar as tarefas agrícolas, e así ata unas cen pezas. O concello vén xa traballando na montaxe desta exposición, que pretende ampliar coa incorporación de pezas restauradas e elementos expositivos, gráficos e icónicos.

Polo tanto, a imposibilidade de promover a concorrència vén determinada pola singularidade da obra deste artista.

Tendo en conta o anterior, acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Agader e o Concello da Peroxa para o proxecto senlleiro “*Ampliación da montaxe expositiva O Lebre de Casarizas, unha vida de máquinas e inventos*” orientado á mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar por parte do Concello da Peroxa son as descritas na memoria valorada para “*Complemento e ampliación da montaxe expositiva O Lebre de Casarizas, unha vida de máquinas e inventos*”, presentada polo Concello de Peroxa e incorporada ao expediente (NRE 2021/216273, do 04/02/2021).

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O concello comprométese a cumprir as obrigas que resultan da súa condición de entidade beneficiaria da axuda, nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; en especial:

-Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinaron a concesión da subvención nos termos previstos no clausulado deste convenio.

-Realizar o proceso de tramitación e adjudicación da contratación conforme ás prescricións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e demais normativa de contratación pública aplicable ás entidades locais.

-Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

-Someterse ás actuacións de comprobación que realice Agader, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e prestar a colaboración

e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control e comprobación destes órganos.

- Manter os investimentos subvencionados durante un período mínimo de 5 anos a contar desde a data de pagamento final da axuda.

-Referir o financiamento de Agader en toda a publicidade, escrita ou audiovisual, que se faga da actuación subvencionada.

Con carácter previo á sinatura do convenio, e nos termos previstos no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello deberá acreditar ter cumprido co deber de remitir ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio a que estea legalmente obrigado. Para estes efectos, deberá presentar unha certificación expedida pola persoa titular da secretaría xeral da entidade e acreditativa deste extremo.

Así mesmo, e con carácter previo á sinatura do convenio deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta acreditación poderá realizarse mediante a declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade, nos termos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei (en adiante, Decreto 11/2009).

Non obstante o anterior, a sinatura deste convenio comporta a autorización para que Agader poida consultar automaticamente os datos indicados no parágrafo anterior, agás que conste oposición expresa por parte do concello.

CUARTA.- Financiamento

Agader comprométese a aboar ao Concello da Peroxa a cantidade de 39.600 €, para o proxecto "*Complemento e ampliación da montaxe expositiva O Lebre de Casarizas, unha vida de máquinas e inventos*", con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os ano 2021, código de proxecto 2017-00003 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural"

Esta cantidade, 39.600 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario, de ser o caso, a diferenza de financiamento para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009.

Agader poderá efectuar un pagamento anticipado, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata unha porcentaxe máxima do 80% da subvención concedida. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada. Nos termos previstos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello está exento da constitución de garantías.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade

subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia dos xuros de mora correspondente.

QUINTA.- Xustificación e pagamento

1. O prazo límite para executar e xustificar as actividades subvencionadas ao abeiro deste convenio será o 15 de outubro de 2021.

Para efectos desta xustificación consideraranse subvencionables os gastos realizados durante o ano 2021, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, sempre que se correspondan de maneira indubitada coa actividade subvencionada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

O concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención dentro dos prazos indicados para a xustificación, e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace da persoa titular da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - o O cumprimento da finalidade da subvención
 - o Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos obxecto deste convenio.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos obxecto deste convenio.
- Xustificantes bancarios de pagamento (transferencia ou certificación bancaria) que deberán identificar o número de factura obxecto de pagamento, o concepto facturado, a entidade que realiza o pagamento e o destinatario.
- Breve reportaxe fotográfica que reflicta a execución do proxecto subvencionado.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que, de ser o caso, financien a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para tramitar o pagamento.

No suposto de que concorran defectos emendables na xustificación presentada, requiriráselle ao concello interesado para que os emende, no prazo de dez días, nos termos previstos no artigo 46 do Decreto 11/2009.

No caso de que non xustifique a actividade subvencionada ou a xustificación sexa insuficiente, procederá a perda do dereito ao cobramento da axuda e, de ser o caso, o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 33 da LSG e 61 do Decreto 11/2009.

Con carácter previo ao pagamento, deberá acreditarse que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con carácter previo ao pagamento, Agader poderá realizar unha visita in situ co fin de comprobar a realidade dos investimentos subvencionados.

Logo do control administrativo da solicitude de pagamento nos termos expostos, Agader tramitará o pagamento final do expediente.

SEXTA .- Causas de resolución

O incumprimento das condicións establecidas neste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, coa consecuencia da perda do dereito ao cobro da axuda e, se é o caso, o reintegro dos importes percibidos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da LSG.

SÉTIMA.- Publicidade e transparencia

Darase cumprimento ás obrigas de transparencia contidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O convenio remitirase ao Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións.

OITAVA.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento deste convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada unha persoa en representación de Agader, designada pola directora xeral de Agader, e por unha persoa en representación concello, previa designación da persoa titular da alcaldía. Esta comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

NOVENA.- Normativa de aplicación

En todo o non previsto no presente convenio observarase o disposto na seguinte normativa:

-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia -Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia -Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas -Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas

-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións -Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

-Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DECIMA. Xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, todos os trámites administrativos derivados deste procedemento deberán realizarse electronicamente. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Por Agader
A directora xeral de Agader
(asinado dixitalmente)
Inés Santé Riveira

Polo Concello da Peroxa
O alcalde
(asinado dixitalmente)
Manuel Seoane Rodríguez